



Como cambiamos...



2019



2026

en sete anos

Vaca Pinta visitou por primeira vez a Pablo Rodríguez en Ganadería Xuíz a finais de 2019. A nave nova levaba pouco máis dun ano en funcionamento, muxían 47 vacas e o proxecto aínda se atopaba en plena construción. Sete anos despois, regresamos a Bóveda para comprobar que plans se cumpriron e ata onde chegou aquela granxa que acababa practicamente de empezar.

N aquel momento, a sociedade estaba integrada por Pablo e polo seu pai, Vicente Rodríguez. Actualmente, Vicente está xubilado e o seu fillo é o único propietario. A familia continúa vinculada á actividade, pero a empresa incorporou dous traballadores e creou un sistema de quendas que lles permite librar dous días por semana e unha fin de semana de cada dúas.

A contratación de persoal era precisamente un dos obxectivos que Pablo manifestaba en 2019. Entón explicaba que, cando enchese o establo, necesitaría axuda para manter o nivel de atención que buscaba e para dispoñer de algo máis de tempo libre. Non só incorporou aquel primeiro empregado, senón que o posterior crecemento fixo necesaria unha segunda contratación.

O censo pasou de 90 a 220 animais e as vacas en mudura aumentaron de 47 a arredor de 110. A nave inicial, de 1.260 metros cadrados e capacidade para unhas 60 produtoras, ampliouse en 2021 e hoxe dispón de aproximadamente 2.000 metros cadrados e 110 cubículos.

A evolución máis visible está na mudura. En 2019 traballaba dúas veces ao día nunha sala en espiña de peixe de oito puntos. Desde decembro de 2025, aquela sala foi substituída por dous robots, cos que alcanza unha media de 3,5 muduras diarias, e a robotización elevou a produción desde os 37,6 litros por vaca e día ata os 46-47 quilos actuais.

Outra previsión cumprida foi a reforma do establo antigo. En 2019 as vacas secas permanecían de maneira provisional na nave de produción,

mentres Pablo preparaba a rehabilitación das instalacións dos seus avós. Hoxe, ese edificio dispón de máis luz e ventilación, cama quente, cornadiza e corredor de alimentación, e utilízase especificamente para as secas. Tamén implantaron o secado selectivo que entón aparecía entre os seus próximos obxectivos.

A recría seguiu o camiño contrario. Na primeira etapa estaba externalizada e, na actualidade, Xuíz alugou outra nave próxima e xestiona directamente todo o proceso. As becerras pasan alí con catro ou cinco días, aliméntanse nunha amamantadora automática e permanecen ata que se diagnostican xestantes. Ademais, todas levan monitorización electrónica desde o nacemento.

A tecnoloxía confirmou outra das previsións de Pablo. En 2019, cun rabaño reducido, a detección de ce-

ANIMAIS EN TOTAL

90 > 220

VACAS EN PRODUCCIÓN

47 > 110

HECTÁREAS DE CULTIVO

35 > 110

MUXIDO

Sala de 8 puntos > 2 robots

NÚMERO DE MUXIDOS

2 > 3,5

PRODUCCIÓN POR VACA E DÍA

37,6 l > 47 kg

PREZO DO LEITE

0,32 €/kg > 0,455 €/l



Sala en espíña de peixe na que muxían ata decembro de 2025



Na actualidade, este espazo é a zona de parto e o lote de secas descansa na nave inicial da gandería, con máis luz e ventilación



A ampliación da fosa de xurro supuxo incrementar a súa capacidade de almacenamento de 1.200.000 litros a case tres millóns

los era visual, aínda que xa advertía que necesitaría un sistema electrónico cando aumentase o número de animais. Hoxe, a totalidade do rabaño está monitorizada, a taxa de detección rolda o 78 % e a observación visual deixou de ser o método principal.

A estratexia xenética tamén gañou precisión. Xa utilizaban touros xenómicos e seme sexado, pero na actualidade o 100 % das femias están xenotipadas. A reposición obtense do 25-30 % de animais con mellores índices e o resto inseminase con seme de carne.

Nas terras, o salto foi igual de importante. A base territorial pasou de 35 a unhas 110 hectáreas. Tamén modificaron a organización dos cultivos. En lugar de alternar necesariamente herba e millo na maioría das fincas, manteñen un grupo de praderías permanentes e outro dedicado ao millo. As parcelas de millo cóbreense no inverno con nabos forraxeiros que

protexen o solo e, máis tarde, incorpóranse como fertilización verde.

En 2019 dispoñían de maquinaria limitada e externalizaban boa parte dos labores. Sete anos despois contan cun parque moito máis completo e realizan directamente todo o traballo agrícola, salvo os ensilados e a aplicación do xurro.

O almacenamento tamén se ampliou. Aquel único silo de formigón, ao que Pablo esperaba engadir unha ou dúas estruturas, deu paso a dous silos de trincheira que poden consumirse desde ambos os extremos. As fosas de xurro pasaron a ter unha capacidade conxunta próxima aos tres millóns de litros e están cubertas por completo.

Por último, cambiou a industria de destino. En 2019 vendían a Grupo Leche Río a 0,32 euros por quilo máis calidades e IVE. Hoxe entregan a Queserías Entrepinares e perciben arredor de 0,455 euros por litro máis primas e IVE.



A incorporación dun empregado formaba parte dos seus plans en 2019 e a día de hoxe xa contratou dúas persoas

Na primeira visita, Pablo falaba de ampliar a nave e seguir crescendo. Agora, coa ampliación executada, 220 animais e dous robots, o discurso é diferente. O seu próximo paso non consiste en sumar máis vacas, senón en perfeccionar o modelo construído durante estes sete anos: estabilizar o equipo, mellorar os resultados, instalar placas solares e producir dunha maneira máis eficiente. ■